



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 2 DE XULLO DE 2020,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regula o procedemento de autorización da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto construción: "Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: Mellora de seguridade viaria (MSV) no contorno de treitos de concentración de accidentes na estrada PO-551, punto quilométrico 29+000 a 32+700", de clave: PO/17/149.06, no Concello de Moaña (Pontevedra).

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación documentalmente simplificada, polo procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, tramitación urxente e varios criterios de adxudicación do contrato privado de seguro deportivo (póliza) que cubra os riscos derivados da práctica deportiva do programa Xogade nas anualidades 2020-2022 cun orzamento de catro millóns de euros (4.000.000,00€) e con un valor estimado por importe de seis millóns seiscientos mil euros (6.600.000,00€).

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de Decreto polo que se regula o censo do solo empresarial de Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se declara unha área de rexeneración urbana de interese autonómico (área Rexurbe) no concello de Ribadavia.

### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Abegondo para a execución da obra: "Saneamento en Orto e Crendes. Fase II. Separata 1. Zona Norte Abegondo (A Coruña)", clave OH.315.1151.S1, por importe de novecentos once mil cincocentos sesenta euros con setenta e cinco céntimos (911.560,75€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e a Fundación de Enxeñería Civil de Galicia para continuar na mellora do sistema de alerta temperá de risco de inundación na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, por importe de cento trinta mil euros (130.000,00 €).

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Economía, Emprego e Industria a adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e de conformidade co previsto nos artigos 63 e 67 do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a incrementar as porcentaxes máximas dos anticipos de pagamento e a eximir de garantías nos supostos de pagamentos anticipados destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da orde pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a Centros Especiais de Emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade e se procede á convocatoria para as anualidades 2020-2021, por un importe total de dezasete millóns cento oitenta mil euros (17.180.000,00€).

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de cooperación entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Organización Nacional de Cegos Españóis (ONCE), para o establecemento de medidas encamiñadas á atención das persoas con discapacidade visual para o curso escolar 2020/21, por un importe de douscentos trinta e sete mil vinte e nove euros con un céntimo (237.029,01€).

### CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Ribeira para a construción do novo auditorio municipal de Ribeira, por un importe total de catrocentos mil euros (400.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Salvaterra de Miño para a rehabilitación do edificio municipal para destinalo á Casa da Música, por un importe total de trescentos mil euros (300.000,00€).

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza ó Servizo Galego de Saúde a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual consonte ao disposto no artigo 58.1 b) do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia (Decreto 1/1999, do 7 de outubro), a concesión de anticipos en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 e a exención de garantías consonte ao artigo 67 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, derivados da Orde pola que se establecen as bases reguladoras e convócase o procedemento para a concesión de subvencións destinadas a proxectos de investigación sanitaria traslacional – Programa Traslaciona. COVID 19. Reforzo da investigación sanitaria de Galicia (Código de procedemento SA304C) e dáselle publicidade a encomenda de xestión de carácter técnico á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde para a tramitación e xestión das citadas axudas, por importe de cincocentos mil euros (500.000,00€).

## INFORMES

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre as novas medidas de financiamento recollidas no Plan de reactivación económica de Galicia.
- Informe sobre a resolución dos Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe).
- Informe sobre o Fondo de enerxía para autónomos e pemes e balance dos proxectos de enerxías renovables que están previstos convocar e que xa están resoltos.
- Informe sobre o Plan da Xunta de Galicia para a defensa da industria electrointensiva galega e o mantemento dos postos de traballo.



## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia do terceiro subministro de diverso material para facer fronte ó COVID-19 nos centros da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, por importe de trescentos dez mil douscentos dous euros con corenta e nove céntimos (310.202,49€).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da tramitación de emerxencia do expediente de contratación para adquisición urxente dunha ampla gama de material necesario para abordar con garantías as posibles consecuencias da onda infecciosa do COVID-19 na Área Sanitaria de Vigo, material para diagnóstico (Kit de detección, probas PCR, tests rápidos de anticorpos, etc), para tratamento da enfermidade (equipos circuitos respiratorios, máscaras de osixeno, cámaras de nebulización) así como elementos de protección individual (epis) e sistemas de illamento, por importe de novecientos corenta e dos mil novecientos corenta e catro euros con sesenta e cinco céntimos (942.944,65€).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia de unha serie de subministracións de bens, de servizos e pequenas obras, para facer fronte á pandemia do COVID-19, na Área Sanitaria de Pontevedra e o Salnés, por importe de catrocentos noventa e oito mil oito euros con corenta e oito céntimos (498.008,48€).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da subministración de diversos equipamentos e material sanitario e informático para a Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, para facer fronte á pandemia do COVID-19, por importe de setenta e oito mil oitenta e dous euros con trinta céntimos (78.082,30€).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da tramitación de emerxencia do expediente de contratación para a ampliación do horario do servizo de limpeza en centros de saúde da Área Sanitaria de Vigo, por importe de noventa e nove mil cento vinte e tres euros con sesenta e seis céntimos (99.123,66€) e ampliación servizo de transporte de profesionais dos PACs, por un importe de dez mil oitocentos euros (10.800,00€).

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre a Orde de axudas económicas a entidades de iniciativa social para o financiamento de gastos extraordinarios nos centros e programas de inclusión social, ocasionados pola crise sanitaria do COVID-19.



## CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución das axudas destinadas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables convocadas no 2020.
- Informe sobre a resolución da Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2020 para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para proxectos colectivos financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades pesqueiras sustentables mediante a recollida de residuos mariños, tramitada como anticipado de gasto.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**A XUNTA REGULARÁ A CELEBRACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS QUE SE LEVEN A CABO EN VARIOS CONCELLOS**

- ***O Consello da Xunta deu luz verde hoxe ao decreto que regula o procedemento para autorizar os eventos deste tipo que se desenvolvan en máis dun termo municipal***
- ***As persoas organizadoras de actividades con carácter competitivo deberán completar a documentación para a súa autorización cunha declaración responsable sobre os servizos sanitarios requiridos***
- ***Quedan excluídas as excursións organizadas por centros educativos, as peregrinacións de asociacións e as actividades para membros de entidades e colectivos, por considerarse de carácter privado ou familiar***

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe ao decreto que regula o procedemento para autorizar a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que se leven a cabo en máis dun termo municipal. Desta forma, dáse resposta a un baleiro normativo para os eventos baixo estas denominacións que están a aumentar nos últimos anos e que se aplicará con carácter supletorio polos municipios que non teñan en vigor unha ordenanza específica neste ámbito.

As solicitudes realizaranse preferiblemente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> cunha antelación mínima de 30 días da data prevista da celebración. Entre a documentación requirida inclúense os datos das persoas organizadoras, os municipios polos que discorre, a descrición do espectáculo ou actividade a realizar, o seu horario de inicio e finalización, a idade de admisión do público, así como a indicación de que non existen instalacións portátiles ou desmontables e o título habilitante no caso de que as houbese.

En canto á seguridade, esixirase unha declaración responsable do cumprimento das medidas e todos os dispositivos en lugares perigosos, xunto co plan de autoprotección e un informe sobre a afectación á seguridade viaria nos casos que sexa necesario, ademais da relación de persoal de vixilancia se están previstas concentracións de máis de 100 persoas. Tamén se deberá xustificar ter en vigor unha póliza de seguro de responsabilidade civil.

A documentación anterior deberá presentarse para solicitar a celebración de espectáculos e actividades recreativas teñan ou non carácter competitivo. As actividades de carácter competitivo terán a maiores que engadir de forma complementaria unha póliza de accidentes que cubra o seguro obrigatorio deportivo e a declaración responsable dos servizos sanitarios.

Deste xeito, os organizadores deberán contar cunha ambulancia e un médico para a asistencia das persoas participantes, que no caso dos espectáculos ou actividades





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

recreativas cunha afluencia de máis de 750 persoas se ampliará a dous médicos e dúas ambulancias e que se irá ampliando con un servizo máis por cada 1.000 participantes.

Desta regulación quedan excluídos, por considerarse actos privados ou familiares, as excursións e actividades organizadas por centros educativos; as peregrinacións de asociacións sociais, culturais e relixiosas para os seus integrantes; e as actividades deportivas, turísticas ou culturais de entidades e colectivos con menos de 50 participantes e dirixidas en exclusiva aos seus membros.

O texto xa foi sometido a información pública no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta sen que se tivese recibido ningunha alegación e sometido ao trámite de audiencia pública cos sectores máis representativos recibíndose unha única aportación. Ademais, incorporou as consideracións de diferentes departamentos da Xunta, entre elas as observacións do ditame do Consello Consultivo. Tras a súa aprobación polo Consello da Xunta entrará en vigor ao mes seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA ELIMINAR UN TREITO DE CONCENTRACIÓN DE ACCIDENTES NA ESTRADA PO-551, EN DOMAIO, NO CONCELLO DE MOAÑA**

- *Esta intervención conta cun orzamento de case 570.000 euros, dos que preto de 78.000 euros se corresponden coas expropiacións das 14 fincas necesarias*
- *A actuación está enmarcada na estratexia da Xunta para eliminar os tramos de concentración de accidentes nas vías autonómicas*
- *Actuarase no tramo entre o paso de peóns da travesía de Meira, á altura do centro de saúde, e a intersección coa vía provincial EP-1103, á saída de Domaio*
- *Melloraranse as interseccións na área da Cerradiña e no porto de Domaio e instalarase sinalización intelixente nos pasos de peóns para aumentar a visibilidade*
- *Construiranse dous novos pasos de peóns, un no punto quilométrico 29+225, xunto á parada de bus, e outro no 29+540, para o cruzamento dunha futura senda*
- *Esta actuación está a coordinarse co proxecto de execución dunha senda peonil e ciclista nesta mesma estrada, no treito entre A Moureira e Palmás*

O Consello da Xunta autorizou hoxe as expropiacións para executar as obras de mellora da seguridade na estrada PO-551, ao seu paso Domaio, no Concello de Moaña.

Esta intervención conta cun orzamento de case 570.000 euros, dos que preto de 78.000 euros se corresponden co importe das expropiacións.

O Decreto de Utilidade Pública comprende as expropiacións das 14 fincas necesarias para levar a cabo estas intervencións.

A actuación hoxe autorizada está enmarcada na estratexia da Xunta para eliminar os tramos de concentración de accidentes nas vías autonómicas.

Actuarase no tramo comprendido entre os puntos quilométricos 27+760, no paso de peóns da travesía de Meira á altura do centro de saúde, e o 32+670, na intersección coa vía provincial EP-1103, á saída de Domaio.

Os traballos previstos centraranse na mellora de interseccións como a da área recreativa da Cerradiña ou a do porto de Domaio, na que se executará una glorieta. Esta última permitirá os xiros en condicións seguras nese punto e contribuirá a calmar o tráfico.

Tamén se acondicionarán os pasos de peóns, con sinalización intelixente para facilitar a súa percepción. Así, instalaranse sinais verticais luminosas e puntos de luz específicos para o seu alumado con detectores de presenza de peóns. Ademais, limitarase o aparcadoiro nos 10 metros anteriores para aumentar a súa visibilidade.





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta


O proxecto contempla a construción de dous novos pasos de peóns, un no punto quilométrico 29+225, xunto á parada de bus, e outro no 29+540, para o cruzamento dunha futura senda. As obras tamén mellorarán o paso de peóns da travesía de Meira, fronte ao centro de saúde.

Renovarase as barreiras de seguridade e reporanse algúns sinais verticais, que serán substituídos por outros de maior retroreflectancia co fin de facilitar a percepción da estrada en horario nocturno. Tamén se colocarán bandas transversais de alerta á entrada da travesía de Domaio desde Rande.

A Xunta, tras a análise das alegacións presentadas, incorporou no proxecto a posibilidade de xirar á esquerda no punto quilométrico 31+630 desde a estrada PO-551 para acceder á EP-1103.

Cómpre lembrar que este proxecto está a coordinarse coa execución dunha senda peonil e ciclista na estrada PO-551, no treito entre A Moureira e Palmás.

No seguinte plano amósase a glorieta prevista no acceso ao porto de Domaio.





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

### **O CONSELLO AUTORIZA UN NOVO CONTRATO DA PÓLIZA DO XOGADE - XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR- QUE PERMITIRÁ QUE 130.000 RAPACES E RAPAZAS PRACTIQUEN DEPORTE DE FORMA SEGURA**

- ***O obxectivo do Goberno galego é garantir que todos os nenos e nenas galegos que opten pola actividade deportiva e lúdica ofertada pola Xunta de Galicia poidan realizala de xeito seguro sen repercutir o gasto da póliza nas familias galegas que un ano máis desfrutarán da gratuidade do seguro de accidentes deportivos***

O Consello da Xunta vén de autorizar a tramitación do expediente de contratación do contrato privado de seguro para cubrir os riscos derivados da práctica deportiva con motivo da participación dos nenos e nenas galegos e galegas de entre 6 e 16 anos nas modalidades escolar e federada do programa Xogade (Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar) durante as tempadas 2020-2021 e 2021-2022, a razón duns 2 millóns de euros por tempada.

O importe total da contratación da póliza será duns 4 millóns de euros -o mesmo que o crédito inicial disposto pola Xunta de Galicia para as anualidades 2018-2020- que poderían chegar ata os 6,6 millóns de euros de sumarse as contías do importe da prórroga (2 millóns de euros) e do importe da prima variable (600.000 euros). O prazo de duración do contrato será de 24 meses -do 16 de outubro do presente ano ata o 15 de outubro de 2022-.

O obxectivo do Goberno galego é garantir que todos os nenos e nenas galegos que opten pola actividade deportiva e lúdica ofertada pola Xunta de Galicia poidan realizala de xeito seguro sen repercutir o gasto da póliza nas familias que, un ano máis, desfrutarán da gratuidade do seguro de accidentes deportivos.

Ao redor dun total de 130.000 rapaces e rapazas participan cada ano no programa deportivo (escolar e federado) e no programa lúdico e participativo para os escolares dos centros educativos de toda Galicia. Isto representa un aumento dun 175% desde a primeira edición do plan (2009-2010). O obxectivo da Xunta é achegar o deporte a toda a poboación galega en idade escolar.

O programa Xogade leva a actividade deportiva a todos os concellos e bríndalles aos escolares a posibilidade de practicar e competir cos clubs e colexios de toda a Comunidade. Así, damos resposta a un dos obxectivos principais da política deportiva da Xunta de Galicia: fomentar e estender o deporte educativo e saudable a toda a sociedade desde as idades máis temperás. A undécima edición do (2019-2020) conta coa colaboración de 36 federacións adheridas ao programa (atletismo, bádminton, baloncesto, balonmán, béisbol e sófbol, birlos, boxeo, ciclismo, esquí náutico, fútbol, halterofilia, hípica, hóckei, judo e disciplinas asociadas, kickboxing, kung-fu, loita e



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

disciplinas asociadas, motociclismo, natación, orientación, pádel, patinaxe, petanca, piragüismo, remo, rugby, salvamento e socorrismo, squash, surf, taekwondo, tenis, tenis de mesa, triatlón e péntatlon moderno, voleibol, xadrez e ximnasia). Así tamén destacan as dezaseis modalidades escolares (atletismo en pista, bádminton, baloncesto, balonmán, campo a través, dúatlon, fútbol sala, natación, orientación, patinaxe artística, piragüismo, tenis de mesa, voleibol, xadrez, Xogando co atletismo e Multixogo 6-8). Tamén cómpre salientar as actuacións de Coñece o meu club, os Xogos populares e Xogando coa auga e co vento. Xogade segue sendo unha ferramenta para o Proxecto Deportivo de Centro encadrado no Plan Proxecta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

### A XUNTA REMITE AO CONSELLO CONSULTIVO O PRIMEIRO CENSO DE SOLO EMPRESARIAL DE GALICIA QUE RECOLLERÁ A SUPERFICIE DISPOÑIBLE E DE FUTURO DA COMUNIDADE

- *O Consello da Xunta remite o contido deste documento, co que se contará dunha ferramenta global, exhaustiva e actualizada sobre o solo empresarial de Galicia, co fin de facilitar a implantación de empresas na Comunidade*
- *Toda a superficie empresarial existente ou que se promova, con independencia de quen sexa o promotor, deberá incorporarse obrigatoriamente a este censo*
- *Galicia será unha das primeiras comunidades autónomas en dispoñer dunha ferramenta destas características coa que ofrecer ás empresas un mellor coñecemento da oferta real de solo empresarial para a planificación dos seus investimentos*

O Consello da Xunta na súa reunión de hoxe deu o visto e prace ao contido do decreto que regulará o primeiro Censo de solo empresarial de Galicia, que agora se envía ao Consello Consultivo de Galicia para o seu ditame, co fin de avanzar nos últimos chanzos previos á súa aprobación definitiva.

Deste xeito, a Comunidade galega será unha das primeiras comunidades autónomas en dispoñer dun Censo de solo empresarial global, exhaustivo e actualizado, para facilitar ás empresas que elixan Galicia como centro de desenvolvemento da súa actividade e para fomentar riqueza e emprego, información sobre as posibilidades de asentamento.

Trátase pois de poñer a disposición do tecido empresarial ferramentas coa que coñecer ao detalle e de xeito pormenorizado o solo empresarial dispoñible na Comunidade, con independencia de quen sexa o promotor do mesmo, así como o grao de ocupación das áreas empresariais existentes na comunidade autónoma. En definitiva, esta información permitirá ás empresas ter un mellor coñecemento da oferta real de solo empresarial en Galicia para a planificación dos seus investimentos.

Ao mesmo tempo, será un instrumento de avaliación, planificación e actualización das necesidades de solo empresarial para impulsar desenvolvementos eficientes e tamén social e medio ambientalmente sostibles.

#### Contido

O decreto do primeiro censo empresarial de Galicia estrutúrase en catro capítulos, tres disposicións adicionais, unha disposición transitoria e dúas disposicións derradeiras. O censo establece que será obrigatoria a inscrición no censo de todas as áreas empresariais existentes en Galicia que teñan parcelas dispoñibles para a súa comercialización, así como das áreas previstas para o seu inmediato desenvolvemento, con independencia de que sexan propiedade de persoas físicas ou xurídicas,



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

promotoras públicas ou privadas e con independencia de onde teñan o seu domicilio social. A inscrición neste censo será gratuíta.

A información que se esixirá será en cada caso a oferta dispoñible, individualizada por parcelas identificadas coa súa referencia catastral, superficie e usos permitidos. Indicarase o tipo de espazo dispoñible (naves, oficinas ou parcelas), os usos (servizos, industriais, comerciais ou loxística) e a natureza da operación (venta, arrendamento con ou sen opción de compra, dereito de superficie con ou sen opción de compra).

Os cambios que se produzan na situación das parcelas inscritas, como venda ou arrendamento, tamén deberán ser comunicados no prazo máximo dun mes para que a información pública do Censo se manteña actualizada. No caso de novas actuacións de solo empresarial, deberá solicitarse a inscrición no Censo no prazo máximo dun mes desde a aprobación do proxecto sectorial ou plan parcial.

Polo que respecta ás áreas empresariais existentes no momento da entrada en vigor do decreto que regula o Censo, disporán dun prazo de tres meses para solicitar a súa inscrición no mesmo.

A información pública do Censo de Solo Empresarial estará dispoñible a través da páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo, e será gratuíta.





INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**A XUNTA DECLARA A ÁREA REXURBE DE RIBADAVIA, QUE COMPRENDE O CONXUNTO HISTÓRICO DA VILA**

- *Trátase da terceira área Rexurbe declarada en Galicia, despois da de Mondoñedo, que foi aprobada no pasado mes de febreiro, e a da Coruña, declarada no Consello do 19 de xuño*
- *No ámbito da área Rexurbe de Ribadavia existen 263 inmobles con deficiencias, ademais de espazos públicos necesitados de melloras*

O Consello da Xunta de Galicia declarou a área Rexurbe de Ribadavia a través da cal se realizarán actuacións públicas e privadas dirixidas á mellora dos inmobles existentes e dos espazos públicos xunto con medidas sociais, ambientais e económicas dirixidas á mellora das condicións de vida, a creación de riqueza e postos de traballo e a dinamización demográfica.

A área Rexurbe é unha nova figura creada pola Lei de rehabilitación e rexeneración e renovación urbanas de Galicia, aprobada en 2019, que vai máis alá das tradicionais áreas de rehabilitación integral, xa que ademais da rehabilitación edificatoria inclúe medidas de dinamización social, demográfica e económica.

A de Ribadavia é a terceira área Rexurbe que se declara en Galicia despois da de Mondoñedo, declarada no pasado mes de febreiro, e da correspondente á cidade da Coruña, que foi declarada polo Consello da Xunta do pasado 19 de xuño.

A área Rexurbe de Ribadavia incluírá todo o ámbito do Conxunto Histórico da vila, que tamén conta con área de rehabilitación integral (ARI).

A superficie total da área é de 0,108 quilómetros cadrados e existen nela, segundo a memoria presentada polo concello, 459 edificios cun total de 709 vivendas. Dese total, 263 edificios atópanse en estado deficiente, malo ou ruinoso.

A través desta nova figura, o concello de Ribadavia pretende realizar actuacións de rehabilitación e mellora de edificacións e trama urbana que incidirán sobre a situación económica e social dos ámbitos da área Rexurbe e de toda a vila de Ribadavia.

Unha vez realizada a declaración da área Rexurbe Ribadavia, o concello deberá redactar un plan de dinamización da mesma, na que se indiquen as medidas para adoptar e actuacións que se deben levar a cabo, o custe estimado das mesmas e as fontes de financiamento, público e privado. No caso da Xunta de Galicia o financiamento procederá de diversos departamentos, xa que as actuacións nunha área Rexurbe son transversais e afectan a competencias de diversos departamentos.





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Para a redacción do plan de dinamización o concello conta cun modelo elaborado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, segundo o establecido na lei de rehabilitación. Para a redacción deste modelo de plan de dinamización o IGVS contou coa colaboración, a través dun convenio, da Universidade de Santiago de Compostela e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

O plan de dinamización que redacte o concello de Ribadavia será sometido a consultas cos organismos incluídos no mesmo antes de sometelo á aprobación do Consello da Xunta de Galicia, aprobación que facilitará o inicio de actuacións na área Rexurbe.

### Programa Rexurbe

Por outra parte, dentro do programa Rexurbe o Instituto Galego da Vivenda e Solo pretende adquirir este ano inmobles para rehabilitar no ámbito do conxunto histórico de Ribadavia, destinando a tal fin 200.000 euros.



**DELIMITACIÓN DA ÁREA REXURBE DE RIBADAVIA**



**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE ABEGONDO PARA EXECUTAR UNA NOVA FASE DO SANEAMENTO EN ORTO E CRENDES CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 910.000 EUROS**

- *A intervención licitarase nas vindeiras semanas e terá un prazo de execución de cinco meses*
- *Estas novas actuacións inclúen a execución de tres colectores principais e un pozo de bombeo coa súa impulsión*
- *As obras hoxe autorizadas darán continuidade ás xa rematadas en 2019, que contaron coa achega dun orzamento autonómico de 220.000 euros*
- *Os traballos forman parte dun proxecto máis amplo que permitirá completar integramente o saneamento de Orto e Crendes*
- *No seu conxunto dotarase a estas parroquias dun sistema de saneamento que dará servizo a preto de 1.500 habitantes*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnico-financeira da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade co Concello de Abegondo para executar unha nova fase das obras de mellora de saneamento nas parroquias de Orto e Crendes, cun investimento de máis de 910.000 euros.

A intervención, unha vez aprobada hoxe, poderá ser licitada nas vindeiras semanas e terá un prazo de execución de cinco meses.

O Goberno galego financia o 83 % do orzamento necesario para este proxecto e o restante importe correspóndelle ao Concello de Abegondo.

Estas novas actuacións contemplan a execución de tres colectores principais e un pozo de bombeo coa súa impulsión. O pozo de bombeo constará de 4 m<sup>3</sup> de capacidade útil e estará equipado con dúas bombas cunha capacidade total de 4,34 l/s. Trátase dunha parte dun proxecto máis amplo que cando estea executado na súa totalidade permitirá completar integramente o saneamento das parroquias de Orto e Crendes.

Ademais, estas obras hidráulicas darán continuidade ás xa rematadas en 2019, nunha primeira fase, nestes núcleos de Abegondo, mediante a achega dun orzamento autonómico de 220.000 euros.

Os traballos xa acometidos consistiron na instalación de cinco colectores por gravidade, cun total de 4.200 metros de lonxitude, dúas impulsións de 1.939 e 1.479 metros respectivamente e dous pozos de bombeo.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O obxectivo destas actuacións é dotar estas parroquias dun sistema de saneamento e depuración que responda ás necesidades da poboación. Así, o proxecto no seu conxunto dará servizo a preto de 1.500 habitantes desta contorna para o ano 2042.





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN DA ENXEÑERÍA CIVIL DE GALICIA PARA INCREMENTAR A COBERTURA E A PRECISIÓN NA PREDIÇÃO DE INUNDACIÓNS NA DEMARCAÇÃO GALICIA-COSTA

- *O convenio suporá un investimento autonómico de 130.000 euros e terá unha vixencia de 18 meses*
- *O obxectivo é activar o novo sistema de alerta Merlín en 21 concas da demarcación hidrográfica e en 10 novas áreas con risco potencial significativo de inundacións alto*
- *Promoverase a incorporación de ferramentas meteorolóxicas de elevada resolución, incrementando a fiabilidade do sistema de alerta durante eventos de choiva intensa*
- *A ampliación deste sistema de alerta temperá permitirá predicir con antelación os puntos dos ríos susceptibles de desbordamentos e activar coas entidades competentes as medidas necesarias para minimizar os seus efectos negativos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e a Fundación de Enxeñería Civil de Galicia (FECG) para incrementar a cobertura e a precisión na predición de inundacións na demarcación hidrográfica Galicia-Costa.

O convenio autorizado hoxe suporá un investimento autonómico de 130.000 euros e terá unha vixencia de 18 meses.

Este convenio dálle continuidade á colaboración iniciada en 2019 que permitiu desenvolver un novo sistema de alerta temperá de inundacións denominado Merlín. Este novo sistema de alerta temperá está a supoñer xa un avance moi importante na capacidade de xestión no seguimento das concas na área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI) dos ríos Cee, Grova, Landro e Verdugo-Oitavén, onde se desenvolveu como programa piloto.

O obxectivo do novo convenio é activar o sistema Merlín nas 17 concas nas que na actualidade Augas de Galicia opera co sistema de predición Artemis, chegando a 21 concas da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa. Ao tempo, propónse ampliar o uso do novo sistema, que substituirá o actual, nas 10 novas áreas con risco potencial significativo de inundacións alto, segundo o Plan de xestión de riscos de inundación de Galicia Costa (2015-2021).

Destaca especialmente, nesta nova fase do traballo conxunto entre Augas de Galicia e a Fundación de Enxeñería Civil de Galicia, a potenciación das capacidades e prestacións de Merlín para acadar unha maior resolución das predicións meteorolóxicas, a través da focalización da súa incidencia en cada un dos ríos. Isto é especialmente relevante na demarcación Galicia-Costa, con concas moi pequenas e cunha porcentaxe importante de ríos con tempos de concentración de choiva de entre



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

1 e 3 horas. Ademais, na meirande parte dos casos, cóntase con menos de 12 horas desde que se produce a choiva ata que se inician os desbordamentos.

Mediante este convenio, promovese a investigación para a incorporación de novas ferramentas de predición meteorolóxica de elevada resolución, co obxectivo de mellorar a fiabilidade do sistema de alerta durante eventos de choiva intensa.

Tamén se actuará na ampliación das capacidades do novo sistema de alerta temperá no estudo dun modelo de drenaxe dual para a predición de inundacións pluviais. Deste xeito, búscase promover a predición das inundacións debidas á superación da capacidade dos sistemas de drenaxe e non só as inundacións asociadas ao desbordamento dos ríos.

A ampliación do sistema de alerta temperá Merlín preséntase como unha ferramenta indispensable para Augas de Galicia de cara a predicir con antelación os puntos onde poden existir problemas de inundacións por desbordamentos de ríos e activar, en coordinación coas entidades competentes, as medidas necesarias para minimizar os seus efectos negativos.

No marco deste convenio, Augas de Galicia e a Fundación de Enxeñería Civil de Galicia, colaborarán tamén na elaboración de directrices para a construción dos modelos hidráulicos e hidrolóxicos das áreas con risco potencial significativo de inundacións e das concas, respectivamente, así como na incorporación dos modelos hidráulicos e hidrolóxicos ao sistema de alerta.

Dentro deste eixo de traballo, cooperarán na identificación de emprazamentos de seccións de control de inundacións. Augas de Galicia prevé triplicar a súa rede de control dos ríos instalando novas estacións de medida de nivel en tempo real e os técnicos da Fundación de Enxeñería Civil de Galicia colaborarán na identificación do emprazamento das novas estacións de aforo nas áreas de risco potencial de inundacións.

### **As funcionalidades do novo sistema Merlín**

O novo sistema Merlín de alerta temperá permite xa a Augas de Galicia ter unha caracterización máis precisa do impacto dunha crecida grazas ás estimacións baseadas nos niveis de lámina, fronte ao actual sistema de estimación de caudais do programa Artemis. Este nova ferramenta permite ter en conta, ademais, o efecto da marea na avaliación da extensión dunha inundación, aspecto que resulta fundamental para a correcta predición da inundación en zonas costeiras, onde se localiza unha porcentaxe moi elevada da poboación.

Por outra banda, o novo sistema de alerta temperá incrementa a fiabilidade das predicións que realiza, ao incorporar no seu procesado de datos novas fontes de información hidro-meteorolóxica como observacións de satélites, radar meteorolóxico, predicións meteorolóxicas probabilistas.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Ademais, conta cunha aplicación web para visualizar as predicións que se elaboran de maneira sinxela, que permite difundir a información en tempo real a todos os axentes involucrados na actuación ante risco de inundación, desde Protección Civil aos Concellos.

No desenvolvemento do proxecto piloto tamén se adaptou o código do sistema de alerta para que poida executarse de maneira operacional en centros de cálculo como o Centro de Supercomputación de Galicia. Esta adaptación permite aproveitar os recursos destas infraestruturas de cálculo e fai viable propoñer unha ampliación do sistema a novas áreas de risco potencial de inundacións de Galicia-Costa.



## A XUNTA APOIA O EMPREGO DE 3200 TRABALLADORES CON DISCAPACIDADE A TRAVÉS DAS AXUDAS AOS CENTROS ESPECIAIS

- ***O obxectivo deste programa é acadar a integración laboral das persoas con máis dificultades para atopar un posto de traballo***
- ***O Goberno galego financia a creación, ampliación, mantemento e adaptación dos postos de traballo nos centros especiais de emprego***
- ***Nesta convocatoria, como novidade, introdúcense medidas excepcionais para a concesión das axudas e a tramitación dos pagamentos anticipados no caso de Ertes derivados da covid-19***

A Xunta mantén o seu compromiso coa economía social para que Galicia poda seguir desenvolvendo un modelo centrado nas persoas, integrador e que proporciona emprego de calidade. Así, o Consello da Xunta aprobou hoxe as axudas destinadas a apoiar aos 110 centros especiais de emprego na Comunidade. Cun investimento de 17,2M€ financiará o emprego de 3200 traballadores con discapacidade. O programa, cuxas bases se publicarán no DOG no mes de xullo, permite apoiar a creación, ampliación, continuidade e adaptación dos postos de traballo, así como o mantemento do custo salarial dos seus traballadores e a contratación de unidades de apoio.

O obxectivo principal destas axudas é promover a integración laboral deste colectivo. De feito, a nova convocatoria inclúe tres programas: cun millón de euros financiarase os custos salariais e de Seguridade Social derivados da contratación indefinida de 82 profesionais para unidades de apoio en 30 centros de traballo, que se prevé que atendan a 535 persoas con discapacidade con especiais dificultades de inserción laboral. Neste caso, a contía das axudas será como máximo de 2400 euros anuais por cada traballador con discapacidade atendido pola unidade de apoio.

O segundo plan, cun millón de euros de investimento, está dirixido á creación, ampliación, mantemento e adaptación de postos de traballo nos centros especiais de emprego de iniciativa social. A Xunta estima axudar a 13 entidades na xeración de 40 postos de traballo indefinidos. A contía da axuda será de 12.000 euros por posto creado a xornada completa, que se pode incrementar con incentivos acumulables do 25% en colectivos como mulleres, persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social, maiores de 45 anos, emigrantes retornados ou centros de traballo emprazados no rural. Deste xeito, os apoios poderán alcanzar os 30.000 euros.

Este programa tamén inclúe apoios para a adaptación de postos de traballo e a eliminación de barreiras arquitectónicas con axudas de 2000 euros por posto adaptado. Así mesmo, concederanse axudas para financiar asistencias técnicas que sexan necesarias para a creación, mantemento e mellora dos centros especiais de emprego. Entre outros, financiarase a contratación de persoal de dirección, os traballos



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

necesarios para a obtención de certificados de calidade, estudos de viabilidade, organización e comercialización, asesoramento, auditorías e informes económicos. As contías oscilarán entre os 2000 e os 15.000 euros.

A terceira das iniciativas está dirixida ao mantemento do custo salarial de 3200 traballadores dos 110 centros especiais. A axuda para este ano será de 6650 euros por traballador contratado a xornada completa, incrementándose ata os 7980 euros anuais para aqueles con especiais dificultades de inserción laboral.

### Medidas excepcionais nos Ertes

Esta convocatoria introduce como novidade medidas excepcionais para a concesión das axudas e a tramitación dos pagamentos anticipados no caso de expedientes de regulación de emprego temporal (Ertes) derivados da pandemia da covid-19. Así, en todos os programas, o feito de que a persoa pola que se solicita a axuda estea afectada por un Erte non impide a concesión do apoio.

Nas axudas para financiar ás unidades de apoio, o tempo de suspensión dos contratos ou redución de xornada das persoas atendidas terase en conta como tempo traballado; e no programa para a creación, ampliación, mantemento e adaptación de postos, o tempo de suspensión dos contratos non se computará para determinar o período máximo subvencionable.

A medida enmárcase na nova Axenda de Emprego, que promove a integración laboral e calidade no traballo das persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**EDUCACIÓN RENOVA A SÚA COLABORACIÓN COA ONCE PARA A ATENCIÓN ESPECIALIZADA A 349 ALUMNOS CON DISCAPACIDADE VISUAL**

- *A Consellería destinará 237.000 euros a esta medida de atención á diversidade durante o vindeiro curso*

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional renovará a súa colaboración coa Organización Nacional de Cegos Españóis (ONCE) para prestar atención especializada, inicialmente, a 349 alumnas e alumnos con discapacidade visual en centros educativos de toda Galicia. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura da addenda ao convenio asinado por ambas entidades en 2013, o que fai posible que 6 profesores do corpo de mestres desenvolvan as súas tarefas profesionais nos equipos específicos da ONCE, prestándolle apoio ao alumnado cego ou con discapacidade visual, tanto en educación primaria e 1º e 2º da ESO, como en centros e unidades de educación especial. A Consellería destina a este convenio un total de 237.029,01 euros para o curso 2020/21.

Ao abeiro deste acordo facilítase o acceso do alumnado con discapacidade visual escolarizado en centros ordinarios aos recursos tecnolóxicos e á transcripción e gravación a braille dos libros de textos e dos materiais curriculares. Deste xeito, favorécese a súa inclusión educativa, á par que unha atención especializada e axeitada ás súas necesidades.

En concreto, o convenio permite establecer un marco de colaboración para a atención educativa do alumnado con cegueira ou deficiencia visual grave, así como das súas familias e dos centros educativos aos que asistan; promover a coordinación dos servizos educativos e dos complementarios, organizando e facendo rendibles os recursos das diferentes institucións; e facilitar a conformación de equipos específicos para a atención educativa a este alumnado.

Neste sentido, o obxectivo do convenio é a unión de forzas para darlle cumprimento ao compromiso fixado pola Consellería a partir da publicación do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste caso xúntanse os recursos materiais da ONCE ao capital humano do profesorado que cede a Consellería neste acordo.

## A XUNTA INVESTIRÁ 400.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUN NOVO AUDITORIO EN RIBEIRA QUE DARÁ SERVIZO A TODO O BARBANZA

- *O futuro edificio contará cunha sala principal cun aforo de 512 persoas que exercerá como auditorio, sala de usos múltiples ou salón de teatro*
- *A través desta infraestrutura, o municipio disporá dunha dotación adaptada a unha poboación de 28.000 habitantes e cabeceira de comarca*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración co Concello de Ribeira polo cal o Goberno galego investirá 400.000 euros nos próximos tres anos para a construción dun novo auditorio neste concello que dará servizo a toda a comarca do Barbanza. A través desta infraestrutura, Ribeira disporá dunha dotación acorde coa súa poboación, de máis de 28.000 habitantes, que servirá de punto de encontro sociocultural para todos os cidadáns da contorna.

O futuro edificio contará cunha sala principal cun aforo de 512 persoas que exercerá como auditorio, sala de usos múltiples ou sala de teatro, que posibilitará a realización de actividades de dramaturxia, concertos, recitais ou conferencias. Disporá, ademais, dunha sala adicional independente para usos variados que requiran menor espazo e albergará unha sala de ensaios que comunicará directamente co escenario.

Para o deseño desta infraestrutura formulouse un procedemento de contratación baixo a modalidade de concurso de ideas, co fin de concibir unha proposta singular e funcional, en sintonía coas liñas arquitectónicas do novo mercado municipal ou da nova lonxa. Preténdese, así mesmo, completar a actuación co tratamento dunha área verde contigua para favorecer a integración do novo edificio co espazo público, creando así un ámbito social no corazón do núcleo urbano, destinado ao lecer dos cidadáns que evitará a necesidade de viaxar a outros municipios para esta finalidade e favorecerá a integración de barrios periféricos no espazo urbano.

O presente convenio realízase de acordo á planificación estratéxica efectuada pola Xunta para acometer actuacións con fins culturais da man de concellos, asociacións, fundacións e entidades culturais, no ámbito da promoción e a difusión da cultura. As propostas do plan enmárcanse en cinco liñas de actuación, entre as que figura a liña de melloras e equipamentos culturais, primando aquelas que chegan a un maior número de usuarios.

## A XUNTA REHABILITARÁ A CASA DO POBO DE SALVATERRA DE MIÑO PARA DESTINALA Á CASA DA MÚSICA

- *Investirá 300.000 euros na posta en marcha deste proxecto, un servizo moi demandado polos veciños e de gran interese social, dada a tradición musical da localidade*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio co Concello de Salvaterra de Miño polo que se rehabilitará a Casa do Pobo para destinala á Casa da Música, un servizo moi demandado e de gran interese social no que a Administración autonómica investirá 300.000 euros en 2020 e 2021.

A falta dun emprazamento axeitado na actualidade para impartir formación musical nas condicións necesarias nesta localidade, a Xunta colaborará con este proxecto co que o inmovible recuperará a súa utilidade orixinal e pasará a ser un eixo fundamental da vida formativa dos veciños.

Trátase dun edificio cunha importante carga simbólica que presenta un grave deterioro, o que impide o uso das súas instalacións polo risco de derrube. A planta baixa e a superior contan cunha superficie de 266 metros cadrados cada unha, espazos que se adaptarán para acoller un centro de formación en ensinanza musical.

Para iso, o edificio reformarase de xeito integral, establecéndose a zona de administración na planta baixa e unha sala polivalente para ensaios colectivos e funcións. Na planta alta está prevista a instalación de aulas para impartir formación teórica e práctica. Así mesmo, engadirase un novo núcleo ao edificio, o que permitirá a colocación de ascensores e baños.

O inmovible, datado de 1925, acolleu a Sociedade Unión Progresista do Distrito de Bos Aires e anos despois albergou a Casa do Pobo co propósito de dotar ao municipio dun emprazamento onde realizar conferencias, facer exposicións e instalar unha escola de artes e oficios.

Cómpre destacar que o concello de Salvaterra de Miño ten unha gran tradición musical, e conta con numerosas agrupacións tanto folclóricas como de música clásica que, xunto coa Banda de Música de Salvaterra, implican a centos de veciños na aprendizaxe da música.



**SANIDADE DESTINA 500.000 EUROS PARA PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DA COVID-19**

- *O obxectivo é apoiar as investigación xurdidas do coñecemento do Sistema Público de Saúde de Galicia, así como a experiencia recollida durante o estado de alarma*
- *Búscase previr novos brotes, contribuír a mellorar o diagnóstico e tratamento de pacientes infectados e apoiar novos tratamentos ou terapias contra a covid-19*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá unha Orde da Consellería de Sanidade pola que se convocan subvencións destinadas a proxectos de investigación sanitaria traslacional por valor de 500.000 euros, dentro do programa *Traslaciona covid-19*. A investigación traslacional busca explicar e reducir a distancia existente entre o coñecemento obtido no laboratorio e a incidencia real que este coñecemento ten sobre os pacientes ou a sociedade en xeral.

Trátase dunha convocatoria extraordinaria, a través da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), para apoiar os proxectos de investigación xurdidos do coñecemento do Sistema Público de Saúde de Galicia e a experiencia recollida durante o estado de alarma. O seu obxectivo é previr novos brotes, anticiparse a novos eventos adversos e contribuír a mellorar o diagnóstico e tratamento de pacientes infectados pola covid-19. Busca tamén apoiar novos tratamentos ou terapias e desenvolver ferramentas rápidas e fiables para a detección de portadores da covid-19 e para persoas sintomáticas sospeitosas de infección. A axuda económica que se conceda poderá acadar a totalidade do investimento realizado, cun límite máximo de 100.000 euros por proxecto.

Os proxectos que opten a estas subvencións serán exclusivamente traballos de investigación clínica que se desenvolvan no Sistema Público de Saúde de Galicia, a través dos Institutos de investigación sanitaria nos que colabora o Sergas e o Sistema Universitario de Galicia. Poderá presentar proxectos de investigación calquera profesional sanitario, investigador ou grupo de investigación vinculado ao Sistema Público de Saúde de Galicia.

O prazo para presentar as solicitudes é de 15 días a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Poderá facerse a través dos Institutos de investigación sanitaria ou por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta <https://sede.xunta.gal>.

## A XUNTA LANZA NOVAS LIÑAS DE FINANCIAMENTO QUE MOBILIZARÁN 180M€ CO OBXECTIVO DE IMPULSAR A TRANSFORMACIÓN DAS PEMES E O DESENVOLVEMENTO DE STARTUPS

- *Cunha dotación de 60 millóns de euros, búscase contribuír á reactivación da economía con diferentes iniciativas deseñadas en base ás recomendacións do Comité de expertos económicos*
- *A través de XesGalicia, poñerase en marcha un programa de transformación que prestará especial atención a aqueles sectores que precisen reinventarse como consecuencia da covid-19*
- *Fomentarase a colaboración público-privada e a cooperación con diferentes fondos de investimento para impulsar as startups e o desenvolvemento de grandes proxectos tractores*

A Xunta activa un programa de financiamento que, cunha dotación de 60 millóns de euros, permitirá mobilizar arredor de 180M€ facilitando ás pemes a súa transformación e promovendo o desenvolvemento de *startups*, contribuíndo así á reactivación da economía galega.

A través de XesGalicia –a sociedade xestora de capital risco da Consellería de Economía, Emprego e Industria–, acompañarase ao tecido empresarial para impulsar este proceso. En primeiro lugar, mobilizaranse 60M€ a través dun programa dotado con 20 millóns de euros que permitirá apoiar a transformación das pemes, especialmente naqueles sectores que precisen reinventarse como consecuencia da covid-19. Para acceder a este financiamento, deseñarase un plan específico de transformación empresarial, en base ao cal se establecerán as condicións de participación de XesGalicia en cada empresa.

A través da estratexia de fondo de fondos, dotada con 10 millóns de euros e co cal se prevé mobilizar 30M€, a Xunta, tamén a través de Xesgalicia, colaborará con xestoras privadas de capital risco para acompañar ás empresas á hora de transformar a economía galega, impulsando o ecosistema de *startups* na Comunidade, o emprendemento e a innovación, ao tempo que se promove o retorno de talento.

Ademais, avanza na creación dun fondo público-privado para proxectos tractores e estratéxicos, dotado con 30 millóns de euros. Este fondo sería deseñado pola Xunta e xestionado de forma independente. O obxectivo é que actúe de panca de investimento en forma de capital nas grandes empresas galegas.

Estas iniciativas –deseñadas seguindo as recomendacións do Comité de expertos económicos encargado de asesorar á Xunta– forman parte do Plan de reactivación económica de Galicia, que ten como obxectivo fundamental recuperar a economía da

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

Comunidade, facilitar a transformación do tecido empresarial galego –pensando sobre todo nos autónomos, microempresas e pemes–, xerar emprego nos sectores máis golpeados pola covid-19 e fortalecer os servizos públicos que reciben os cidadáns.

<b>FINANCIAMENTO</b>	<b>INVESTIMENTO</b>	<b>MOBILIZACIÓN</b>
<b>Programa de transformación</b>	20M€	60M€
<b>Fondo de fondos</b>	10M€	30M€
<b>Fondo público-privado</b>	30M€	90M€
<b>TOTAL</b>	<b>60M€</b>	<b>180M€</b>

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**GALICIA INVISTE PRETO DE 7M€ NA POSTA EN MARCHA DE 19 PROGRAMAS DE EMPREGO QUE PERMITIRÁN A 300 MOZOS E MOZAS FORMARSE E DISPOR DUN CONTRATO DE TRABALLO DURANTE UN ANO COMO MÍNIMO**

- ***O Goberno galego leva a cabo esta iniciativa en coordinación cos concellos, mancomunidades de municipios ou entidades públicas dependentes ou vinculadas aos mesmos***
- ***Dáse prioridade aos proxectos promovidos por concellos agrupados ou resultantes de fusión, aos concellos emprendedores e aos proxectos relacionados coas TIC e a economía dixital***
- ***Búscase que os programas se adecúen ás necesidades do tecido empresarial e que dean respostas ás demandas do mercado de traballo local***

O Consello da Xunta informou hoxe da resolución do programa de emprego para persoas mozas do que se beneficiarán preto de 300 menores de 30 anos a través dun investimento de 6,85M€.

Á hora de seleccionar os 19 programas definitivos tivéronse en conta criterios como que o municipio beneficiario fose resultado dunha agrupación, fusión ou se tratase dun Concello Emprendedor. Tamén se valorou que os proxectos estivesen relacionados coas TIC e coa economía dixital e que gardasen relación co tecido empresarial do territorio, así como as posibilidades de inserción laboral.

Está previsto que ao longo do mes de xullo se activen estes programas para o que será necesario levar a cabo unha selección dos 297 participantes a través das oficinas de emprego, na que se terá en conta, ademais da idade, a experiencia laboral previa, a permanencia no desemprego ou o nivel de cualificación. Darase prioridade a aquelas persoas mozas que non recibiran previamente atención por parte do Sistema nacional de garantía xuvenil.

O alumnado obterá formación e, ademais, disporá dun contrato de traballo. Deste xeito, os programas melloran a empregabilidade das persoas que toman parte nelas a través da formación, á vez que se realizan actuacións de mellora das dotacións públicas e a prestación de servizos de interese xeral e social no eido local. Percibirán un salario durante a súa participación na actividade ao longo de 12 meses -este ano unha das novidades foi a ampliación do programa dos 6 aos 12 meses-. A Consellería de Economía, Emprego e Industria apoiará o 100% do salario mínimo interprofesional e a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

A Xunta seguirá apostando pola formación e pola cualificación dos galegos e galegas como unha das claves da recuperación económica poscovid-19. De feito, a nova Axenda de emprego -que prevé mobilizar máis de 225M€- contempla a formación como unha das súas prioridades.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

### A XUNTA ACTIVA OS 17,15M€ DO FONDO DE ENERXÍA PARA IMPULSAR A COMPETITIVIDADE DE AUTÓNOMOS E PEMES MEDIANTE AXUDAS AO FOMENTO DAS RENOVABLES E DA EFICIENCIA

- *O Consello avalía o informe da Consellería de Economía, Emprego e Industria no que se recollen tres liñas de axudas coas que se prevé mobilizar 41,5M€ e aforros económicos de 9,2M€ ao ano*
- *A primeira das medidas, destinada a proxectos de enerxías renovables térmicas, xa está convocada e este mes tamén se publicará a dirixida á fotovoltaica para autoconsumo*
- *As actuacións inclúense no Plan de reactivación económica co que se pretende apoiar a autónomos, comerciantes e tecido empresarial*

O Consello da Xunta avaliou esta mañá o informe da Consellería de Economía, Emprego e Industria que dá luz verde ao Fondo de enerxía para autónomos e pemes, dotado con 17,15M€ co obxectivo de impulsar a competitividade empresarial mediante axudas para o fomento das renovables e da eficiencia enerxética.

A iniciativa forma parte do Plan de reactivación económica de Galicia e céntrase en conseguir importantes reducións no consumo enerxético e na factura da luz para apoiar ao tecido empresarial galego, autónomos e comerciantes no actual contexto económico. De feito, prevese unha mobilización de 41,5M€, aforros económicos de 9,2M€ nas facturas enerxéticas anuais, así como un aforro enerxético cada ano equivalente ao consumo eléctrico de 38.000 fogares e unha redución das emisións de CO2 igual á acción de 1.685.000 árbores.

En concreto, o Fondo de enerxía para autónomos e pemes contempla tres liñas de axudas. A primeira publicouse onte no DOG e destina 2,65M€ para apoiar proxectos con fins de aforro enerxético e fomento do uso das enerxías renovables térmicas destinados a empresas, entidades sen ánimo de lucro e administracións públicas locais mediante concorrencia competitiva. Apoiaranse proxectos de biomasa, xeotermia, aerotermia e solar térmica.

Tamén este mes de xullo se activará a segunda liña, dirixida a proxectos de fotovoltaica para autoconsumo, que contará cun crédito de 4,5M€. Por último, a terceira liña reserva 10M€ para apoios de aforro e eficiencia na industria e nos servizos.

#### **Medidas complementarias**

Con este conxunto de medidas preténdese contribuír á reactivación da economía galega e ao impulso da competitividade do tecido empresarial. A posta en marcha deste fondo vén completar as convocatorias que xa se activaron no que vai de ano e



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

que, tal e como se informou, xa están practicamente resoltas, con máis de 1500 proxectos apoiados.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"





## **A XUNTA OFRÉCESE AO GOBERNO A COLABORAR NA ELABORACIÓN DUN PLAN NACIONAL DE RECUPERACIÓN QUE PERMITA Á INDUSTRIA ELECTROINTENSIVA OPTAR A FONDOS EUROPEOS**

- *A proposta do executivo galego pretende achegar medidas de acompañamento para poder contar, de xeito inmediato, cun prezo eléctrico competitivo que garanta o mantemento da actividade e dos 5000 empregos directos que existen en Galicia*
- *Contempla a declaración dos proxectos vinculados a esta industria como estratéxicos, o seu tratamento prioritario na Axenda 4.0 e a redución dos prazos de tramitación dos contratos bilaterais formulados polo Executivo*
- *Inclúe propostas de colaboración co Goberno para activar préstamos participativos que apoién os plans industriais das empresas*
- *Galicia incide na necesidade de que a Administración central convoque urxentemente a poxa de interrompibilidade do segundo semestre, incrementando o orzamento das compensacións de CO2 e, en definitiva, que aprobe o Estatuto para o consumidor electrointensivo*

O Consello deu o visto e prace ao Plan da Xunta de Galicia para a industria electrointensiva, unha iniciativa coa que se pretende activar unha serie de medidas de acompañamento que permitan defender esta actividade e manter os 5000 postos de traballo vinculados a este sector en Galicia.

Este plan recolle, por unha parte, unha serie de iniciativas da Xunta dirixidas ao sector electrointensivo galego, como a súa declaración como esencial e estratéxico, o que permitirá que todos os proxectos industriais de ampliación, modernización e transformación se considerarán proxectos industriais estratéxicos tras a aprobación por parte do Consello. Esta medida coincide así co posicionamento trasladado polo propio comité de empresa de Alcoa San Cibrao á Administración galega. Terán tamén un tratamento prioritario a través da Axenda 4.0. Ademais, no referente á posibilidade ofrecida polo Goberno central de firmar contratos bilaterais, a Xunta daralles prioridade e reducirá os prazos á metade na súa tramitación.

O plan tamén recolle unha serie de propostas de colaboración co Estado. Deste xeito, contempla a elaboración dun Plan nacional de recuperación e resiliencia para optar ao Fondo Next Generation UE e incluír compensacións de compoñentes da factura eléctrica, financiamento de seguros de contratos a longo prazo e axudas á instalación de renovables para autonconsumo e coxeneración. Tamén propón o deseño dun mecanismo de poxa específica para os contratos bilaterais das electrointensivas e o impulso da modernización do sector a través de préstamos participativos para apoiar os plans industriais das empresas.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

En paralelo, a Xunta ve necesario que o Executivo central atenda unha serie de medidas que garantan a curto prazo un prezo eléctrico que achegue estabilidade á industria electrointensiva galega e evite a súa deslocalización. Nestes momentos o obxectivo é conseguir un prezo eléctrico estable e competitivo, por iso se incide na necesidade de reducir os custos regulados do prezo eléctrico a través dunha convocatoria inmediata da poxa de interrompebilidade para o segundo semestre do ano, así como o incremento do orzamento das compensacións por emisións de CO<sub>2</sub>, pasando desde os 6M€ actuais aos 275 que permite a normativa europea. A todo isto habería que sumar a necesaria aprobación dun Estatuto do Consumidor Electrointensivo que dea resposta ás demandas da industria trasladadas ao Goberno polas comunidades de Galicia, Asturias e Cantabria e consensuadas co sector.

Con este Plan a Xunta, que amosa a súa aposta pola industria electrointensiva galega co obxectivo de garantir a súa actividade de cara ao futuro e, sobre todo, o mantemento dos postos de traballo, agarda que o Goberno central recapacite, asuma a súa responsabilidade e convoque de inmediato a mesa industrial de Alcoa San Cibrao para buscar unha solución inmediata para A Mariña de Lugo e, por extensión, para o resto de comarcas galegas que contan con empresas vinculadas a este sector.

## SANIDADE DESTINA PRETO DE DOUS MILLÓNS DE EUROS PARA FACER FRONTE Á COVID-19 NOS HOSPITAIS PÚBLICOS GALEGOS

- *Desta cantidade, ao redor de 950.000 euros son para material de diagnóstico e de tratamento, así como para equipamentos de protección e sistemas de illamento para a Área sanitaria de Vigo*
- *O resto do orzamento destínase á subministración de material e á prestación de servizos nas Áreas sanitarias de Pontevedra e O Salnés; Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras; e Santiago de Compostela e Barbanza*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de emerxencia de cinco expedientes de contratación, por valor de 1.939.161 euros, para subministrar material, equipamento e prestación de servizos aos hospitais do Sergas na loita contra a covid-19.

A primeira destas contratacións refírese á adquisición de material de diagnóstico e de tratamento, así como de equipamentos de protección individual e sistemas de illamento para a Área Sanitaria de Vigo por un total de 942.954 euros. Comprende, entre outro material 50.142 probas PCR por importe de 767.665 euros e 2.592 probas serolóxicas por valor de 23.155 euros. Tamén se destinan 46.827 euros para 6.450 máscaras de protección individual; 35.964 euros para medios de toma de mostras e transporte de mostra virais; e 24.500 euros para 2.724 equipos respiratorios, tubuladuras e máscaras para eses equipos.

Hai ademais un segundo expediente de contratación para a ampliación de dous servizos na área sanitaria viguesa. Trátase por unha banda do servizo de limpeza nos centros de saúde onde se centraliza a atención a pacientes con sospeita de infección por covid-19, e pola outra do servizo de transporte de profesionais dos Puntos de atención continuada (PAC). O total destes contratos de ampliación ascende a 109.924 euros, dos que 99.124 euros son para limpeza e os restantes 10.800 para transporte.

### Investimentos noutras áreas sanitarias

Os outros tres expedientes que tamén autorizou esta mañá o Consello da Xunta, son relativos ao subministro de determinados materiais, produtos e servizos nas Áreas sanitarias de Pontevedra e O Salnés; Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras; e Santiago de Compostela e Barbanza. En todos os casos son tamén investimentos para facer fronte á covid-19.

O referido a Área sanitaria pontevedresa comprende a adquisición dunha serie de bens, contratacións de servizos e pequenas obras imprescindibles, cun orzamento de 498.008 euros. Deles 147.611 están destinados a reforzo de limpeza e desinfección e 97.247 á obras e reforma de espazos. Tamén se dedican 59.264 á compra de material



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

sanitario, 56.903 á adquisición de material de laboratorio, 24.339 para uniformes e 21.347 para reforzo do servizo de seguridade na área.

En canto a Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, ten nesta ocasión un orzamento de 310.202 euros para material de conservación e reparación tanto de máquinas como de inmobles, material de oficina e informático, así como material de vestiario, sanitario e de laboratorio entre outros. Máis da metade deste presuposto destínase a tarefas de limpeza e hixiene con 152.614 euros.

O último dos expedientes é o que atinxe a Área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza. Neste caso son 78.032 euros para a adquisición de equipamento e material sanitario tales como conxeladores e un armario refrixerado para o banco de sangue. Tamén comprende a compra dun transductor sectorial transesofáxico e un equipo para medición de ganglio centinela, entre outro material.

A adquisición de todo este material xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19 que elaborou o Comité de expertos no seguimento do coronavirus, e que contempla, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles rebrotes. O Comité de expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das Áreas Sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urxencias hospitalarias.

## A XUNTA LANZA UNHA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE AXUDAS PARA AS ENTIDADES DE INCLUSIÓN SOCIAL POR 1,5 MILLÓNS DE EUROS

- *Esta nova liña de achegas encádrase no Plan de recuperación social de Galicia*
- *Financiará os gastos das entidades que prestaron servizos básicos ás persoas sen fogar durante o estado de alarma decretado por mor da covid-19*

O Consello da Xunta informou dunha convocatoria extraordinaria de axudas para as entidades de inclusión social por un importe de 1,5 millóns de euros, que se encadra no Plan de recuperación social de Galicia. O *Diario Oficial de Galicia* (DOG) publicará mañá esta nova orde de achegas, que vai dirixida a financiar os gastos das entidades que prestaron servizos básicos ás persoas sen fogar durante o estado de alarma decretado por mor da covid-19.

Con esta liña de axudas o Goberno galego quere compensar o esforzo adicional que fixeron estas entidades durante a pandemia para atender ás persoas máis vulnerables en albergues sociais, cocinas económicas e comedores sociais, centros de atención social continuada. Así mesmo, os gastos que tiveron os centros de día que prestan servizos de hixiene, lavandería e o coñecido como 'calor e café'.

As entidades poderán beneficiarse desta convocatoria para sufragar os reforzos de persoal que tiveron que acometer moitas delas para substituír a persoas con factores de risco ou contaxiadas; a cobertura da necesidade de alimento e provisión de recursos básicos; ou a contratación de servizos de restauración e a compra de material de un só uso para repartir comida a domicilio.

Tamén son gastos subvencionables ao abeiro destas axudas a adquisición de material de protección ou outros custes de carácter extraordinario aos que tiveran que facer fronte durante a emerxencia sanitaria.



## **GALICIA REPOBOARÁ OS SEUS BANCOS MARISQUEIROS CON MÁIS DE 18 MILLÓNS DE UNIDADES DE SEMENTE DE AMEIXA BABOSA E FINA**

- *Esta sementeira con especies autóctonas será realizada por sete confrarías e unha asociación nunha superficie de máis de 121.000 metros cadrados*
- *A Xunta subvenciona estas e outras accións ao abeiro da convocatoria de axudas de 2020 a proxectos colectivos para as anualidades 2020 e 2021 para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños*
- *A resolución das achegas, que foi analizada hoxe polo Executivo galego, tamén inclúe unha acción da confraría de pescadores da Coruña para repoboar máis de 12.000 metros cadrados de bancos con 8.000 unidades de xuvenís de ourizo de mar, a primeira acción deste tipo que se aproba no marco desta orde*
- *A Consellería do Mar aprobou este ano un total de 17 proxectos colectivos para recuperar hábitats mariños e costeiros en favor de poboacións de especies de interese marisqueiro por valor de preto de 860.000 euros*

A Consellería do Mar subvenciona a repoboación de bancos marisqueiros con máis de 18,3 millóns de unidades de semente de especies autóctonas, en concreto ameixa babosa e ameixa fina, ao abeiro da convocatoria de axudas de 2020 a proxectos colectivos para as anualidades 2020 e 2021 para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños. Esta repoboación será realizada por sete confrarías e unha asociación nunha superficie de máis de 121.000 m<sup>2</sup>.

As entidades que se beneficiarán destas sementeiras son as confrarías de Cabo de Cruz, Moaña, Carril, O Grove, Arcade, Redondela, Vigo e a Asociación Marisqueira a Flote Ría de Vigo. Estas actuacións forman parte dalgúns dos proxectos colectivos que subvenciona a Consellería do Mar trala resolución da convocatoria deste ano das axudas para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

En total a Consellería do Mar aprobou 17 proxectos colectivos para recuperar hábitats mariños e costeiros en favor de poboacións de especies de interese marisqueiro por un importe de preto de 860.000 euros. Unhas axudas das que se benefician 13 entidades, a maioría confrarías de pescadores. Así o reflicte un informe analizado hoxe no Consello da Xunta sobre a resolución da convocatoria de 2020 destas axudas que tamén especifica que o 59% do importe das axudas concedidas correspóndense coa provincia de Pontevedra e o 41% para entidades da provincia da Coruña.

Ademais dos proxectos que inclúen repoboación de especies autóctonas, ao abeiro desta convocatoria tamén se aprobaron iniciativas que inclúen accións como a remoción de substrato nunha superficie de máis de 250.000 m<sup>2</sup> e a dragaxe e aporte de





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

áridos para promover a reprodución de organismos mariños nunha superficie de preto de 125.000 m<sup>2</sup>. Estas accións realizaranse nas confrarías da Pobra do Caramiñal, Cabo de Cruz, Moaña, Vilaboa, Carril, O Grove, Arcade, Redondela, Rianxo, Vigo e a Asociación de Marisqueo a Flote Ría de Vigo.

Entre os proxectos aprobados na convocatoria deste ano tamén hai un da confraría de pescadores da Coruña para repoboar con 8.000 unidades de xuvenís de ourizo de mar procedentes de criadeiro máis de 12.000 metros cadrados de bancos na península da costa da Torre. Trátase dun proxecto de repoboación que se converte no primeiro deste tipo aprobado ao abeiro desta orde de axudas.





## PRETO DE 200 PROFESIONAIS DO MARISQUEO A PÉ E CINCO EMBARCACIÓNS PARTICIPARÁN NA RECOLLIDA ACTIVA DE LIXO MARIÑO EN GALICIA

- *A Xunta subvencionará esta e outras accións ao abeiro da convocatoria de axudas para proxectos colectivos que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos no mar*
- *Ao abeiro destas iniciativas tamén se apoia a recollida de lixo pasiva e accións de formación e sensibilización para animar a participar na recollida de residuos*
- *A Consellería do Mar seleccionou seis proxectos colectivos cun valor total de axuda de máis de 275.500 euros ao abeiro da convocatoria das achegas que se publicou por primeira vez este ano para este tipo de iniciativas*
- *Todos eles enmárcanse no plan Mar Limpo da Consellería do Mar que busca contribuír a acadar un ambiente costeiro e mariño limpo e produtivo e unha redución da cantidade de residuos existentes nas zonas costeiras*

A Xunta seleccionou seis proxectos colectivos para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos no mar ao abeiro da convocatoria das achegas que se publicou por primeira vez este ano para este tipo de iniciativas. Unha das actuacións apoiadas no marco destes proxectos é a recollida activa de lixo mariño en Galicia que será realizada por preto de 200 profesionais do marisqueo a pé e cinco embarcacións.

Estas achegas, financiadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), están dirixidas ás confraría de pescadores, organizacións de produtores pesqueiros e outras entidades asociativas do sector en Galicia como as ONG en alianza coas entidades do sector ou conxuntamente cos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP). Así o reflicte un informe analizado hoxe no Consello da Xunta sobre a resolución da súa convocatoria, no que tamén se especifica que os seis proxectos seleccionados supoñen un valor total de axuda de máis de 275.500 euros.

En concreto, a recollida activa de lixo apoiada nesta convocatoria realizarase no marco de tres proxectos que abarcan compensacións aos mariscadores a pé e á frota de artes menores por esta acción. A contía diaria no caso das embarcacións pesqueiras -para as empresas armadoras- será a correspondente aos ingresos medios da actividade pesqueira da frota de artes menores no trienio 2016-2018 en función da súa área xeográfica e do seu arqueo. No caso do marisqueo a pé, a compensación terá en conta o nivel de ingresos medios da actividade no trienio 2016-2018 segundo a súa área xeográfica.

Unha destas tres iniciativas é Econoia, da confraría de pescadores de Noia, para a que se prevé un apoio de máis de 204.200 euros a distribuír entre a nas anualidades 2020-



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

2021. Este proxecto inclúe a recollida de lixo cunha compensación por días a 171 profesionais do marisqueo a pé, un estudo de acumulación de lixo, traballo de clasificación e inventario de lixo e accións de concienciación como unha exposición e de formación.

O segundo proxecto que inclúe recollida de lixo activa é o de limpeza de zonas de marisqueo a pé de Cedeira, da confraría de pescadores deste concello, coa compensación a 19 mariscadores a pé. Ademais prevé o desenvolvemento de xornadas formativas e visitas de divulgación. Para iso será subvencionado con máis de 22.100 euros para a anualidade 2020.

O terceiro proxecto é da confraría de pescadores de Vigo e contén accións de recollida activa de lixo con compensación a cinco barcos e tres profesionais do marisqueo a pé e o desenvolvemento de xornadas de divulgación. Para el prevese un apoio de máis de 6.500 euros para as anualidades 2020 e 2021.

Os outros tres proxectos seleccionados no marco desta convocatoria son de sensibilización e formación e de recollida de lixo pasiva, é dicir, a realizada polas embarcacións pesqueiras e persoas pescadoras que recollen os residuos que veñen a bordo nos aparellos durante as faenas ordinarias de pesca, ou polos profesionais de marisqueo a pé durante a súa actividade normal. Estas tres iniciativas implican en total a preto de 400 profesionais do marisqueo a pé e a oito embarcacións.

Un deles é Lixeando, da confraría de pescadores de Arcade e para el prevese un apoio de máis de 2.300 euros na anualidade 2020. O segundo é Rías sostibles, do Grupo de acción local do sector pesqueiro seo de Fisterra ría de Muros Noia e de Adegas, unha iniciativa que abarca ás confrarías de Lira, O Pindo, Muros, Noia e Porto do Son e que será apoiada con máis de 35.300 euros para a anualidade 2020. O terceiro proxecto é unha campaña de sensibilización da confraría de Vilanova sobre a presenza de lixo no litoral deste concello. Para el prevese un apoio de máis de 4.800 euros na anualidade 2020. Ademais da pesca pasiva, os tres proxectos inclúen accións de sensibilización e formación como a organización de xornadas formativas e a elaboración de guías de boas prácticas e material divulgativo, entre outras actividades.

Todos estes proxectos enmárcanse no plan *Mar Limpo* da Consellería do Mar, co que se pretende contribuír a acadar un ambiente costeiro e mariño limpo, saudable, produtivo e bioloxicamente diverso e unha redución da cantidade de residuos existentes nas zonas costeiras. A través del tamén se busca que os sectores pesqueiro e marisqueiro integren nas súas operativas boas prácticas que contribúan á protección do medio mariño.